

Queremos Galego acusa a Xunta de aplicar o 155 lingüístico e anima a participar nas mobilizacións do 17 de maio

A plataforma cidadá, composta por máis de 500 colectivos sociais, anunciou hoxe a convocatoria dunha multitudinaria manifestación que percorrerá as rúas de Compostela baixo o lema “En galego día a día”. Como todos os anos a marcha sairá ás 12 horas da Alameda.



O voceiro da plataforma -da que forma parte a CIG-Ensino-, Marcos Maceira, presentou esta mañá a convocatoria da manifestación do 17 de maio e aproveitou para anunciar que se levarán a cabo diversos actos nas comarcas galegas co obxectivo de informar e de mobilizar a poboación de cara a esta data. Este ano a manifestación xirará arredor do lema **“En galego día a día”**, co que se pretende recoñecer as persoas que empregan a nosa lingua a diario aínda que nalgúns contextos teñan que facer un esforzo inxente para poder usala. Unha

situación que Marcos Maceira atribuíu “á aplicación de facto dun artigo 155 lingüístico por parte da propia Xunta de Galiza, a institución que tiña que velar polo cumprimento da lei e por salvagardar o dereito que nos asiste a todos os galegos e galegas a empregar o noso idioma”.

Maceira lembrou que “o galego é o único idioma oficial do Estado que diminúe en falantes e que carece de apoio da súa propia administración” á vez que contrastou a situación de protección que si teñen o

euskera e o catalán por parte dos seus gobernos. Neste sentido, indicou que “en Galiza nin se aplica nin se aproba ningunha lexislación a favor do galego, mais si se aplican as máis de 500 disposicións legais que obrigan ao uso do español en diferentes ámbitos”. “Existe unha sociedade que actúa día a día para repor e normalizar a lingua galega, a través de centos de colectivos e entidades e en ámbitos moi diversos” e que estarán representados como todos os anos no acto final da manifestación. Como exemplo dos avances rexistrados por

este activismo social citou as compañías de seguros que comezan a cumprir a lei e ofertar pólizas en galego; compañías de telefonía móbil que se viron obrigadas a rectificar anuncios de desaparición das opcións en galego; ou transnacionais que modificaron regulamentos internos que impedían o uso do galego, non porque actúe a administración senón por acción da sociedade.

Plans que son mera propaganda

Porén por parte da Xunta a única actuación é a propaganda co anuncio dun novo Plan de fomento do galego esta vez dirixido á mocidade. Maceira instou á Secretaría Xeral de Política Lingüística e ao presidente Feixó a comezar por eliminar as prohibicións de uso do galego no ensino, onde ten a mesma consideración que unha lingua estranxeira. Neste sentido sulíou que o galego apenas conta co 33% de presenza horaria no ensino obrigatorio fronte ao 75% do que goza o catalán, aínda nestes intres con sentenzas contrarias ao seu fomento. “No caso do ensino infantil, por exemplo, os materiais didácticos editados en galego son inferiores aos existentes en inglés. En xeral, a edición en galego reduciuse moitísimo nos últimos anos,

un dato que cómpre destacar precisamente na data de hoxe, en que se conmemora o día do libro”, incidiu.

Á vista desta situación de perda de falantes e de acoso e derribo por parte da administración, Maceira instou á Xunta a aplicar o Plan Xeral de normalización lingüística aprobado por unanimidade polo Parlamento galego e a deixar as accións que son mera propaganda.

Servizo de transporte

A plataforma Queremos Galego confía en que este 17 de maio se ateguen as rúas de Compostela nunha mobilización multitudinaria en defensa do dereito a vivir na nosa lingua. Na súa web aparecen os horarios e os prezos dos buses que se porán a disposición de todas as persoas que desexen asistir á manifestación, así como información sobre as reunións preparatorias que terán lugar nas distintas comarcas do país.

MANIFÉSTATE POLA LINGUA!

Quinta feira (xoves), 17 de maio de 2018 ás 12.00 h
Alameda de Santiago de Compostela
Heberá buses. Máis información en www.queremosgalego.gal



En galego día a día



OS NOSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)

Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA

Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO

Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

MORRAZO

Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL

Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO

Ronda da Muralla 58, Baixo
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE

Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA

Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA

Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI

Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO

Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS

Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal